



BASES ENTROIDO 2024

O Concello de Catoira convoca un desfile e concurso de disfraces e comparsas que se celebrará o día 11 de febreiro de 2024, ás 17:30 horas, e que se rexerá polas seguintes

BASES:

PRIMEIRA: As/os participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17:30 h da Praza Doutor Vázquez (estación FFCC). Os participantes deberán estar en posición de saída antes das 17:30 h. En caso de previsión de chuvia, o desfile comezará ás 18:00 h no Pavillón Municipal de Deportes. Desta circunstancia informaríase a través da web municipal e redes sociais do Concello cunha antelación mínima de dous días.

SEGUNDA: A inscrición das/os participantes realizarase no Rexistro Municipal do Concello desde o día 25 de xaneiro de 2024, en horario de 9:00 a 14.30 h (os luns tamén de 16:00 a 19:00 h), ata o xoves 8 de febreiro ás 12:00 h, mediante os modelos de inscrición que constan como Anexo I.

TERCEIRA: Unha vez presentada a inscrición, pasarán pola oficina de Cultura, onde se lles entregará a cada participante unha cartolina cun número, que deberán levar nun lugar visible, na parte dianteira do seu disface ou grupo. En caso contrario quedarán fóra do concurso.

CUARTA: Todos os vehículos, e condutores/as dos mesmos, que participen no desfile, deberán cumprir toda a normativa vixente en materia de permisos e seguros.

QUINTA: Todas/os participarán pola súa propia conta e risco. O Concello de Catoira non responderá por ningún dano, prexuízo ou accidente que as/os participantes e os seus vehículos puidesen ter ou ocasionarlles a terceiros dentro do desfile.

SEXTA: Non se permite a participación no desfile/concurso con animais.

SÉTIMA: Establécense os seguintes premios:

COMPARSAS:

As comparsas deberán estar integradas por un mínimo de 15 persoas, representadas por unha persoa maior de idade.



INCENTIVO: Establécese un incentivo de 100 euros para as cinco primeiras comparsas que se inscriban e participen no concurso e non resulten premiadas.
PREMIOS: 1º premio de 500 €, 2º premio de 300 € e 3º premio de 200 €.

ADULTAS/OS:

Un ou máis membros a partir de 16 anos.

PREMIOS: 1º premio de 100 €, 2º premio de 75 € e 3º premio de 50 €.

INFANTIL:

Un ou máis membros menores de 16 anos.

PREMIOS: tres premios de 50 € en vales para a adquisición de material escolar en establecementos de Catoira.

OITAVA: As/os participantes poderán inscribirse nunha única categoría.

NOVENA: O concurso será fallado por un xurado que nomeará a Concellaría de Cultura, e que estará formado por tres persoas veciñas/as de Catoira e un/ha secretario/a, persoal laboral do Concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases e elaborará unha acta na que conste a resolución de disfraces premiados no concurso, asinada por todos os membros.

O Xurado contará con total e absoluta independencia de actuación e toma de acordos baixo os criterios fixados nas bases. O xurado NON ESTARÁ IDENTIFICADO como tal, observando ás/aos participantes durante o desenvolvemento do concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

DÉCIMA: O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos: animación, creatividade, orixinalidade, espontaneidade.

DÉCIMA PRIMEIRA: O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios se considera que as/os participantes non reúnen a calidade precisa.

DÉCIMA SEGUNDA: A participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases, correspondéndolle á Concellaría de Cultura a interpretación das mesmas se fose preciso.

As presentes bases e os premios concedidos ás/aos beneficiarias/os, serán publicados na sede electrónica do Concello de Catoira e na páxina web municipal.

DÉCIMA TERCEIRA: As/os premiadas/os daranse a coñecer ó remate da Festa de Disfraces sobre as 20:30 h. O pagamento dos premios faráselle ás persoas ou entidades que figuran na ficha de inscrición do concurso, mediante transferencia bancaria, (o



número de conta deberá indicarse obrigatoriamente na ficha de inscrición), sempre e cando non houberse que suspender definitivamente o evento polas inclemencias do tempo ou outro motivo xustificado.

DÉCIMA CUARTA: O Concello de Catoira informa que durante o evento serán captadas imaxes que serán utilizadas exclusivamente como medio de divulgación e promoción do Entroido. As/os participantes, mediante a inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías e/ou vídeos que se realizarán durante a celebración deste evento.

DÉCIMA QUINTA: O Concello de Catoira resérvase o dereito a pospoñer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo pola existencia de circunstancias que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade (condicións climatolóxicas, restricións sanitarias, ou calquera outra circunstancia).



Anexo I. Formularios de solicitude de inscrición

Solicitude de inscrición adultas/os:



SOLICITUDE DE INSCRICIÓN ADULTAS/OS – ENTROIDO 2024

Nº/orde de actuación: (a cubrir polo Concello)		Carroza: Medidas:	Si	Non
--	--	------------------------------------	-----------	------------

NOME E APELIDOS DA/O REPRESENTANTE:		DNI:
ENDEREZO (Vía, número, piso, porta):		
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO:
NÚMERO DE CONTA:		
E	S	
NOME DO DISFRACE:		

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Catoira, con CIF P3601000G, a consultar as débedas ou liquidacións pendentes coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tamén autoriza a publicación de imaxes das persoas participantes na páxina web e redes sociais do Concello e a súa cesión a medios de comunicación.

A sinatura desta solicitude implica a aceptación das bases para participar no Entroido 2024 e a declaración de que os datos facilitados son certos.

Catoira, a de de 2024

Asdo.:

Alcalde-Presidente do Concello de Catoira



Solicitud de inscripción comparsas:



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN COMPARSAS – ENTROIDO 2024

Nº/orde de actuación: (a cubrir polo Concello)		Carroza: Medidas:	Si	Non
---	--	----------------------	----	-----

NOME E APELIDOS DA/O REPRESENTANTE:		DNI:
NOME DA ENTIDADE REPRESENTADA (ASOCIACIÓN, ENTIDADE...)		CIF:
ENDEREZO (Vía, número, piso, porta):		
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO:
NÚMERO DE CONTA:		
E	S	
NOME DA COMPARSA:		

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Catoira, con CIF P3601000G, a consultar as débedas ou liquidacións pendentes coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tamén autoriza a publicación de imaxes das persoas participantes na páxina web e redes sociais do Concello e a súa cesión a medios de comunicación.

A sinatura desta solicitude implica a aceptación das bases para participar no Entroido 2024 e a declaración de que os datos facilitados son certos.

Catoira, a de de 2024

Asdo.:

Alcalde-Presidente do Concello de Catoira



Solicitud de inscripción infantil:



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN INFANTIL – ENTROIDO 2024

Nº/orde de actuación: (a cubrir polo Concello)		Carroza: Medidas:	Si	Non
---	--	----------------------	----	-----

NOME E APELIDOS DA/O NAI/PAI/TITOR LEGAL:		DNI:
ENDEREZO (Vía, número, piso, porta):		
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO:
NÚMERO DE CONTA:		
E	S	
NOME E APELIDOS DA/O MENOR:		
NOME DO DISFRACE:		

A persoa abaixo asinante autoriza ao Concello de Catoira, con CIF P3601000G, a consultar as débedas ou liquidacións pendentes coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tamén autoriza a publicación de imaxes das persoas participantes na páxina web e redes sociais do Concello e a súa cesión a medios de comunicación.

A sinatura desta solicitude implica a aceptación das bases para participar no Entroido 2024 e a declaración de que os datos facilitados son certos.

Catoira, a de de 2024

Asdo.:

Alcalde-Presidente do Concello de Catoira